



Sra./Sr. Directora/Director,

O R.D. 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo R.D. 1763/1982, do 24 de xullo (DOG do 30 de xullo), e o Decreto 204/2008, do 28 de agosto, atribúen á Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a competencia en materia de homologación/validación de estudos estranxeiros non universitarios, cuxa xestión se asume por esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e as Xefaturas Territoriais da Consellería.

Os títulos, diplomas e estudos estranxeiros homológanse/validanse en aplicación do R.D 104/1988, do 29 de xaneiro (BOE do 17 de febreiro de 1988), na Orde do 14 de marzo de 1988 (BOE do 17 de marzo), e demais normas relativas a esta materia.

Entre o alumnado dese centro educativo de ensinanzas post-obrigatorias, poden atoparse persoas procedentes de sistemas educativos estranxeiros, cuxos estudos deben homologarse/validarse de conformidade coa normativa que se refire nos parágrafos anteriores; trámite de carácter preceptivo para que o alumnado poida continuar e/ou rematar os estudos.

En tanto se tramita o expediente, o alumnado pode inscribirse de forma condicional dentro dos prazos establecidos, achegando o correspondente documento (anexo II da Orde de 1988) formalizado baixo a total responsabilidade do solicitante e sen prexulgar a resolución final do expediente, dependendo a avaliación da/o alumna/o e, se é o caso, o remate dos seus estudos da resolución que dite o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No suposto que nese centro docente exista alumnado en tal circunstancia, deberá informarlle da necesidade de homologar/validar os seus estudos de conformidade coa normativa referenciada e, se é o caso, formular a correspondente solicitude para evitar posibles prexuízos no futuro.

Na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, www.edu.xunta.es/web/alumnado/xestion_alumnado/homologacion_ou_validacion_de_titulos/, atoparán información sobre o procedemento, trámites e documentación a presentar. Tamén pode solicitar información mediante correo electrónico, á dirección homologacion.titulos@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2012.

O director Xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

